

CMUS Profesional de Viveiro



CONCELLO DE VIVEIRO



PROGRAMACIÓN

EDUCACIÓN AUDITIVA E VOCAL

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN.....	4
1. METODOLOXÍA.....	5
2. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	6
2.1. ALUMNADO CON INCORPORACIÓN TARDÍA Ó SISTEMA EDUCATIVO.....	6
2.2. ALUMNADO CON ALTAS CAPACIDADES INTELECTUAIS.	6
2.3. ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS.....	6
3. TEMAS TRANSVERSAIS	8
3.1. EDUCACIÓN EN VALORES	8
3.2. TRATAMENTO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN (TIC'S).....	9
4. ACTIVIDADES CULTURAI E DE PROMOCIÓN DAS ENSEANZAS	10
5. SECUENCIACIÓN DO CURSO.....	11
5.1. ► CURSO: 1º DE GRAO ELEMENTAL.....	11
5.1.1. <i>Obxectivos</i>	11
5.1.2. <i>Contidos</i>	11
5.1.3. <i>Avaliación</i>	11
5.1.4. <i>Medidas de recuperación</i>	12
5.1.5. <i>Recursos didácticos</i>	13
5.2. ► CURSO: 2º DE GRAO ELEMENTAL.....	14
5.2.1. <i>Obxectivos</i>	14
5.2.2. <i>Contidos</i>	14
5.2.3. <i>Avaliación</i>	14
5.2.4. <i>Medidas de recuperación</i>	16
5.2.5. <i>Recursos didácticos</i>	16
5.3. ► CURSO: 3º DE GRAO ELEMENTAL.....	17
5.3.1. <i>Obxectivos</i>	17

5.3.2. <i>Contidos</i>	17
5.3.3. <i>Avaliación</i>	17
5.3.4. <i>Medidas de recuperación</i>	19
5.3.5. <i>Recursos didácticos</i>	19
5.4. ▶ CURSO: 4º DE GRAO ELEMENTAL	20
5.4.1. <i>Obxectivos</i>	20
5.4.2. <i>Contidos</i>	20
5.4.3. <i>Avaliación</i>	20
5.4.4. <i>Medidas de recuperación</i>	21
5.4.5. <i>Recursos didácticos</i>	22
6. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA	23
7. PROCEDEMENTOS PARA REALIZAR A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO	24
8. ANEXOS	25
8.1. PROBAS DE ACCESO	25

INTRODUCCIÓN

As ensinanzas artísticas reguladas pola Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, ten por finalidade promocionalle ao alumnado unha formación artística de calidade, así como a de garantir a cualificación dos futuros profesionais da música.

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, no seu artigo 6.2 atribúe ao Goberno fixar as ensinanzas mínimas, que constitúen os aspectos básicos do currículo, co fin de garantir unha formación común a todos os alumnos e a validez dos títulos correspondentes. Así mesmo, o artigo 6.4 determina que as administracións educativas competentes establecerán o currículo das distintas ensinanzas reguladas pola mesma, que deberá incluír os aspectos básicos relativos aos obxectivos, contidos e criterios de avaliación que constitúen as ensinanzas mínimas.

O Real Decreto 1577/2006, do 22 de decembro, fixa os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música reguladas pola LOE.

O Decreto 198/2007, do 27 de setembro, establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música, e o seu currículo para o ámbito de competencia da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Neste decreto establécese que a finalidade do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao profesional.

O Decreto 203/2007, do 27 de setembro, establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música na Comunidade Autónoma de Galicia. Neste decreto establécese que a finalidade das ensinanzas profesionais de música é a de proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música, e ordénase en catro funcións básicas: formativa, orientadora, profesionalizadora e preparatoria para estudos posteriores.

A presente programación da concreción aos anteriores decretos a nivel de centro, e será o documento polo que se desenvolvan os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes deste departamento.

1. METODOLOXÍA

A metodoloxía non é máis que a organización de todos os elementos que interveñen no proceso de ensinanza-aprendizaxe para conseguir que este se leve a cabo de forma satisfactoria. Seguindo as prescricións da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (art. 45) e do Decreto 198/2007, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música, os procesos educativos destas ensinanzas seguirán os mesmos principios de actividade construtiva que o ensino obrigatorio como factor decisivo na realización da aprendizaxe, que en último termo será construída polo propio alumno, modificando e reelaborando os seus esquemas de coñecemento.

Os principios que orientan a práctica educativa son os seguintes:

- Partir do nivel de desenvolvemento do alumno, tendo en conta o período evolutivo no que se atopa, os seus coñecementos previos e a súa capacidade para aprender.
- Asegurando a construción de aprendizaxes significativas e funcionais de modo que se establezan vínculos substantivos entre os coñecementos que posúe o alumno dentro da súa estrutura cognitiva e as novas experiencias; aplicando ditas aprendizaxes en contextos diferentes de forma autónoma.
- Contribuíndo ó desenvolvemento da capacidade de “aprender a aprender”, de forma que o neno vaia elaborado as súas propias estratexias de aprendizaxe.
- Desde un enfoque globalizador e activo que supoña o establecemento de múltiples conexións, de relacionar o novo co xa aprendido baixo os distintos ámbitos de experiencia.
- Para que a ensinanza sexa realista tratarase de asegurar a relación das actividades de ensinanza-aprendizaxe coa vida real do alumno partindo das experiencias que xa posúe.
- Realizando as aprendizaxes en grupos para favorecer as relacións entre iguais e fomentar a socialización
- Promoverase unha intensa actividade por parte do alumno de forma que sexa o principal protagonista do proceso de ensinanza-aprendizaxe, levando a cabo unha actividade tanto práctica como intelectual onde o profesor actuará como un guía ou conselleiro que dará solucións a problemas e dificultades concretas e que estimulará a creatividade de cada alumno.
- A organización espazo-temporal: a distribución do espazo débese adecuar ás distintas necesidades e actividades, polo que a aula de Educación Auditiva vai estar organizada de forma que facilite as relacións interpersoais e cos obxectos. En canto á organización temporal, establecín en base ó horario xeral do centro -concretado na Programación Xeral Anual- o horario de clase, tendo en conta as características das actividades e as necesidades dos alumnos. A distribución temporal será flexible, organizando actividades de gran grupo, de pequeno grupo ou individuais, que se clasificarán segundo o momento no que se leven a cabo en actividades introdutorias, de desenvolvemento, de reforzo ou ampliación e de avaliación.
- A colaboración coa familia e co equipo de profesores do grupo. É moi importante que exista colaboración e comunicación entre o Conservatorio e a familia e entre os profesores implicados na formación dos alumnos, para que o proceso de ensinanza-aprendizaxe de cada un se leve a cabo satisfactoriamente. Tal e como se recolle no Proxecto Curricular teremos unhas reunións cos pais e dedicaremos unhas horas para a titoría. Animarase, ademais, ós pais a que participen nas actividades que se leven a cabo no centro.

2. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A programación contempla un tratamento xeral do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, ben porque se trate de alumnado con incorporación tardía ao sistema educativo, alumnado con altas capacidades intelectuais ou alumnado que presenta necesidades educativas especiais.

2.1. Alumnado con incorporación tardía ó sistema educativo.

Os dous problemas máis destacados do tratamento do alumnado estranxeiro veñen dados pola comprensión do idioma e polas tradicións propias da súa cultura. En ocasións, o rexeitamento deste tipo de alumnado a certas actividades ven dado polos costumes da súa cultura (ou pola diferenza cos plans de estudos, nalgunhas zonas extremadamente ligados á práctica instrumental case exclusivamente). O principio de integración pasa por coídar as actividades presentadas, intentando aproveitar os seus coñecementos sobre determinados aspectos do currículo (por exemplo, os referidos a determinados elementos do ritmo, escalas ou sonoridades concretas, compositores do seu país, etc). No que se refire á comprensión do idioma, e dado o carácter procedimental das nosas ensinanzas, non supón un grande obstáculo. En tódolos casos coídarase que o alumnado inmigrante participe cos seus compañeiros e compañeiras nas actividades propostas, de xeito que a súa integración se vexa favorecida.

2.2. Alumnado con altas capacidades intelectuais.

Defínese como individuo superdotado a aquel que posúe aptitudes excepcionais e, por tanto, é capaz dun rendemento superior á media. O Real decreto 943/2003, polo que se regulan as condicións para flexibilizar a duración dos diversos niveis e etapas do sistema educativo para o alumnado superdotado intelctualmente, trata no seu artigo 9 sobre os criterios xerais para flexibilizar a duración dos diversos graos para o alumnado superdotado intelctualmente nas ensinanzas de réxime especial. Esta flexibilización consistirá na súa incorporación a un curso superior ó que lle corresponda por idade, sempre que a redución destes períodos non supere a metade do tempo establecido con carácter xeral. Non obstante, e ante casos excepcionais, as administracións educativas poderán adoptar medidas de flexibilización sen tal limitación; naturalmente, esta flexibilización incorporará medidas e programas de atención específica cara a este alumnado. É preciso distinguir entre a superdotación intelctual e o talento. Unha persoa ten talento cando demostra aptitudes excepcionais para unha faceta artística ou cognoscitiva. Por tanto, xunto ás necesidades educativas dos superdotados compre engadir as de aqueles individuos do grupo que teñan talento musical, no sentido descrito de aceleración, ou ben elaborando actividades de ampliación (é dicir, de maior dificultade que as previstas para o curso), de xeito que poda render segundo as súas propias capacidades.

2.3. Alumnado con necesidades educativas especiais.

A atención á diversidade chega ó seu máximo expoñente ó tratar o alumnado con necesidades educativas especiais. Este tipo de discentes son persoas que presentan algún tipo de discapacidade, polo que poden precisar unha adaptación aos recursos materiais (tales como a necesidade de dispor a aula), ou unha adecuación dos elementos do currículo (reformulación dos obxectivos, co que supón de adaptación dos contidos e dos criterios de avaliación). É evidente que a aptitude do individuo non está en relación coa discapacidade que sufra (son coñecidos numerosos exemplos de compositores ou de interpretes discapacitados), pero si é habitual que se considere, erradamente, que o suxeito non responderá aos estímulos musicais de xeito igual que o individuo plenamente capacitado. Nada máis lonxe da verdade xa que,

como facultade humana, a música provoca na persoa unha resposta gratificante, debida á sensibilidade. Pero, ademais, no alumnado discapacitado, a música pode ter outros importantes significados, xa que pode paliar esa discapacidade axudando no proceso de integración, comunicación, estimulación (ou autoestimación) ou sobre o xeito de asumir o seu problema.

3. TEMAS TRANSVERSAIS

3.1. EDUCACIÓN EN VALORES

O desenvolvemento integral do alumno non debe estar limitado á adquisición de conceptos e coñecementos académicos vinculados exclusivamente a cada unha das súas áreas, senón que debe formar aos alumnos para integrarse na sociedade actual, sabendo responder de maneira adecuada aos problemas que esta sociedade implica.

Esta formación, que non está definida en ningunha das áreas, debe estar presente na aula de forma permanente, e maniféstase a través do que coñecemos como temas transversais.

A forma na que entendemos o tratamento destes temas transversais fica reflectida nos obxectivos seguintes:

- Educación para a paz.
 - Adestrarse para a solución dialogada de conflitos no ámbito escolar.
- Educación moral e cívica.
 - Participar en tarefas comúns, mostrando actitudes de colaboración e respecto polas opinións e propostas alleas.
 - O respecto pola autonomía dos demais.
- Educación para a igualdade entre os sexos.
 - Desenvolver a autoestima e unha concepción do corpo como expresión da personalidade.
 - Analizar criticamente a realidade e corrixir prexuizos sexistas e as súas manifestacións na linguaxe, publicidade, xogos, profesións, etc.
- Educación para a saúde, (postural, auditiva).
 - Proporcionar un contexto adecuado para realizar unha valoración crítica de determinados hábitos relacionados coa saúde.
- Educación para o consumidor.
 - Crear unha conciencia de consumidor responsábel que se sitúa criticamente ante o consumismo e a publicidade.

Desde a música, moitos destes temas poden tratarse propoñendo actividades que se desenvolvan en grupo, xa que estas favorecen a comunicación dos alumnos e fomentan actitudes de convivencia.

Ademais, na música pódense tratar contidos relacionados directamente coa saúde (o uso adecuado do corpo á hora de tocar o instrumento precisa dun coñecemento e coidado do mesmo, especialmente ante problemas habituais na adolescencia. Tratar temas que relacionados directamente coa paz (o coñecemento da música de outras culturas aumenta o respecto cara estas, comprendendo que o mundo non é só a música e culturas occidentais, nin as súas visións). Tratar temas relacionados coa educación para o consumidor, onde se pode analizar o mercado musical, os prezos dos cd's, o pirateo, a vulneración dos dereitos de propiedade intelectual. Tratar o uso da música nas publicidades, nos grandes almacéns, así como o efecto que pode producir no consumidor, cara quen vai dirixido.

3.2. TRATAMENTO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN (TIC'S)

Na impartición das clases de Educación Auditiva e Vocal, os profesores/as empregan diversos programas informáticos así como outras aplicacións informáticas. Isto facilita a reprodución das leccións de entoación, ditados, etc e permítelle ó profesor/a seguir mellor a evolución dos alumnos/as.

- Medios Audiovisuais:

Audición de melodías que serán cantadas polos alumnos na aula

- Medios en internet:

App's para exercicios de entoación e de dictado. Utilización de youtube, vimeo, etc, para a visualización de interpretacións musicais.

- Programas informáticos:

- Sibelius, Musescore...

- Medios para a comunicación

- O portal do centro para comunicación á comunidade escolar e ao alumnado da materia das actividades programadas, audicións, eventos, etc.

4. ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN DAS ENSIANZAS

Unha actividade pedagóxica moderna non pode quedar reducida ao ámbito da aula, aínda sendo este o espazo central do proceso educativo. Este traballo pode verse complementado por outras tarefas realizadas noutros espazos do propio centro ou doutras entidades colaboradoras.

Estas actividades están orientadas a superar o marco tradicional das clases de linguaxe musical, complementándoas con actividades o máis variadas posibles que poñan en contacto os nosos alumnos coa realidade musical nun senso máis amplo, permitíndolles conectar esta realidade coa sociedade e a cultura do noso tempo.

Para que estas actividades teñan o máximo proveito, deben relacionarse có proceso xeral de aprendizaxe en resposta a unha adecuada planificación.

Clasificación das actividades:

1) Organizadas polo departamento:

Participación nas actividades como concertos de nadal, fin de curso ou concertos temáticos organizados polo Departamento de Linguaxe en colaboración con outros departamentos do centro.

2) Organizadas polo centro:

Os alumnos pertencentes á asignatura de Educación Auditiva e Vocal participan activamente nas actividades complementarias que se organizan dentro e fora do centro, tales como concertos, audicións de alumnos, conferencias, cursiños, etc. Xa que estas reverten na súa aprendizaxe.

5. SECUENCIACIÓN DO CURSO

5.1. ► CURSO: 1º DE GRAO ELEMENTAL

5.1.1. Obxectivos

- Achegar ao alumno á entoación e a utilización do corpo para a expresión musical.
- Desenvolver e potenciar a memoria como recurso para a audición.
- Recoñecer sons e elementos básicos musicais.
- Aprender a traballar e cantar en grupo.
- Cantar melodías nas tonalidades de Do maior e La menor.

5.1.2. Contidos

- Utilización musical da propia voz.
- O propio corpo aplicado á percusión.
- Imitación das propostas musicais do profesor/a.
- Entoación de intervalos dentro do ámbito tonal.
- Repentización de motivos rítmicos, melódicos e combinados.
- Improvisación de motivos rítmicos, melódicos e combinados.
- Reprodución gráfica de fragmentos rítmicos, melódicos e combinados de dous, catro e oito compases baseados no pulso binario (Anexo 1, onde se contempla a Proposta metodolóxica para o Traballo auditivo).
- As escalas de Do M e La m.
- As leccións de entoación nas tonalidades de Do M e La m.
- Interpretación de cancións do repertorio infantil, populares, clásicas, contemporáneas, de contido didáctico e orixinais.

5.1.3. Avaliación

Criterios de avaliación

- Interpretar vocalmente unha pezza sinxela en Do maior e La menor.
- Identificar erros entre un fragmento escrito e o escoitado.
- Entoar intervalos tonais.
- Reproducir de memoria e graficamente fragmentos rítmicos e melódicos de ata oito compases.
- Empregar a voz e o corpo de xeito musical.
- Recoñecer pulso, acento e ritmo dunha determinada obra.
- Reproducir cancións memorizadas.

Mínimos esixibles

- Entoar intervalos dentro do ámbito tonal.
- Reproducir graficamente, cun nivel de corrección aceptable, fragmentos rítmicos, melódicos e combinados de dous, catro e oito compases baseados no pulso binario.
- Interpretar cancións do repertorio infantil, populares, clásicas, contemporáneas, de contido

didáctico e orixinais cun nivel de afinación aceptable.

Procedementos e ferramentas de avaliación

- **Inicial:** Establécese este tipo da avaliación para concretar as características dos nosos alumnos, así como para detectar, nos casos que así se precisase, as posibles carencias ou problemas que poida ter o alumno, para así poder resolver no menor tempo posible e da forma mais axeitada.
- **Continua:** Establécese este tipo da avaliación como seguimento habitual do alumnado, ao longo de todo o curso académico, aportando ao alumno a posibilidade de progresar no tempo, favorecendo así unha aprendizaxe integradora.
- **Final ou sumativa:** Dada a necesidade de emitir unha nota ao termo de cadanseu trimestre, así como ao final do curso académico, establécese este tipo da avaliación que nos aportará a información necesaria á hora de concretar que obxectivos e en que grao se obtiveron.

Para poder levar a bo termo os distintos tipos de avaliación establecidos no apartado anterior, o profesor dispón de distintos procedementos ou ferramentas que deberá empregar (do xeito que considere oportuno para cada caso) á hora de determinar a consecución de obxectivos por parte dun alumno.

As ferramentas utilizadas serían:

- Controis periódicos mediante exercicios feitos na aula.
- Observación do traballo realizado durante as clases tanto de entoación como de audición.
- Realización dun exame que consistiríña na entoación dunha obra vista na clase e un exercicio escrito de ditado dun pequeno fragmento ou intervalos adaptado ao nivel do curso.

Criterios de cualificación

A materia de Educación Auditiva e Vocal pódese dividir en dous aspectos principalmente, a entoación e expresión vocal, e a audición e o recoñecemento auditivo, polo que o alumno terá que acadar un mínimo exixible en cada un deses aspectos, sendo a nota final a media dos dous.

Outros aspectos importantes que influirán na nota final son os seguintes:

Realización de todos aqueles traballos escritos e prácticos que lle sexan encomendados dentro dos contidos e obxectivos propios do curso.

Respecto cara ós profesores, compañeiros e material, ás normas de convivencia e á liberdade e tolerancia cara os demais.

5.1.4. Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

O proceso de recuperación das partes das que se compón a asignatura de Educación Auditiva e Vocal, realizarase, ao tratarse dunha asignatura de avaliación continua, ao longo do seguinte trimestre mediante a observación do traballo realizado polo alumno ao longo dese tempo e coa consecución dos mínimos exixibles no examen da seguinte avaliación.

Probas extraordinarias de xuño

Os alumnos de Educación Auditiva e Vocal terán a posibilidade de recuperar o curso, no caso de suspender na convocatoria ordinaria, cun exame extraordinario en xuño no que se deberá realizar unha proba para a que traballarán os aspectos que o seu profesor lle indique na entrega de notas de maio, e sempre que cumpra os criterios mínimos esixidos durante o curso.

5.1.5. Recursos didácticos

Estes son algúns dos títulos cos que habitualmente traballamos, ben como textos para os alumnos/as ou en calidade de apoio e consulta.

- Ibáñez Cursá: Cuadernos de audición, en 4 vol. Real Musical. Madrid.
- Sierra, Félix: Para cantar, en 4 vol. Mundimúsica Ediciones. Madrid.
- Molina, E./ Arroyo, I./ Navarro, M^a Dolores/ Rivas, S.: Coro, en 2 vol., para Grao Elemental. Enclave Creativa. Madrid.
- Ibáñez Cursá: *Canta con los clásicos*. Ed. Real Musical.
- AA.VV: *Nanocosmos*. Ed. Dinsic Publicacións Musicais.
- Material diverso orixinal, recompilado, arranxado e adaptado polos membros deste departamento.

5.2. ► CURSO: 2º DE GRAO ELEMENTAL

5.2.1. Obxectivos

- Utilizar a entoación e o corpo para a expresión musical.
- Utilizar a memoria como recurso para a audición.
- Recoñecer sons e elementos musicais a decuados ou estudados no curso correspondente.
- Traballar e cantar en grupo.
- Identificar os intervalos melódicos simples no seu aspecto numérico.
- Recoñecer as funcións harmónica de I e V.
- Cantar melodías nas tonalidades de Do maior e La menor e con unha alteración na súa armadura.

5.2.2. Contidos

Os contidos do curso anterior e:

- Os intervalos melódicos simples das escalas do nivel no seu aspecto numérico.
- Reprodución gráfica de fragmentos rítmicos, melódicos e combinados dunha disposición formal de oito compases, baseados no pulso binario e nas funcións harmónicas de I e V
- A frase musical de oito compases.
- As funcións harmónicas de I e V.
- As escalas de Dó M e La m, e as que levan unha alteración na súa armadura.
- As leccións de entoación nas tonalidades de ata unha alteración na armadura (Anexo 2, onde se contemplan un exemplo de traballo.

5.2.3. Avaliación

Criterios de avaliación

- Interpretar vocalmente melodías de ata unha alteración na armadura.
- Identificar auditivamente de forma numérica intervalos simples.
- Reproducir de memoria e gráficamente fragmentos de oito compases coas funións harmónicas de I e V.
- Repentizxar e improvisar fragmentos rítmicos e melódicos coas dificultades propias do curso

Mínimos esixibles

- Entoar intervalos dentro do ámbito tonal.
- Identificar os intervalos melódicos simples das escalas no nivel no seu aspecto numérico.
- Reproducir graficamente, cun nivel de corrección aceptable, fragmentos rítmicos, melódicos e combinados dunha disposición formal de oito compases, baseados no pulso binario e nas funcións harmónicas de I e V.
- Interpretar cancións do repertorio infantil, populares, clásicas, contemporáneas, de contido didáctico e orixinais cun nivel de afinación aceptable.

Procedementos e ferramentas de avaliación

- **Inicial:** Establécese este tipo da avaliación para concretar as características dos nosos alumnos, así como para detectar, nos casos que así se precisase, as posibles carencias ou problemas que poida ter o alumno, para así poder resolver no menor tempo posible e da forma mais axeitada.
- **Continua:** Establécese este tipo da avaliación como seguimento habitual do alumnado, ao longo de todo o curso académico, aportando ao alumno a posibilidade de progresar no tempo, favorecendo así unha aprendizaxe integradora.
- **Final ou sumativa:** Dada a necesidade de emitir unha nota ao termo de cadanseu trimestre, así como ao final do curso académico, establécese este tipo da avaliación que nos aportará a información necesaria á hora de concretar que obxectivos e en que grao se obtiveron.

Para poder levar a bo termo os distintos tipos de avaliación establecidos no apartado anterior, o profesor dispón de distintos procedementos ou ferramentas que deberá empregar (do xeito que considere oportuno para cada caso) á hora de determinar a consecución de obxectivos por parte dun alumno.

As ferramentas utilizadas serían:

- Controis periódicos mediante exercicios feitos na aula.
- Observación do traballo realizado durante as clases tanto de entoación como de audición.
- Realización dun exame que consistiríña na entoación dunha obra vista na clase e un exercicio escrito de ditado dun pequeno fragmento ou intervalos adaptado ao nivel do curso.

Criterios de cualificación

A materia de Educación Auditiva e Vocal pódese dividir en dous aspectos principalmente, a entoación e expresión vocal, e a audición e o recoñecemento auditivo, polo que o alumno terá que acadar un mínimo exixible en cada un deses aspectos, sendo a nota final a media dos dous.

Outros aspectos importantes que influirán na nota final son os seguintes:

Realización de todos aqueles traballos escritos e prácticos que lle sexan encomendados dentro dos contidos e obxectivos propios do curso.

Respecto cara ós profesores, compañeiros e material, ás normas de convivencia e á liberdade e tolerancia cara os demais.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Para conceder a ampliación de matrícula é requisito indispensable que o alumno supere os obxectivos e contidos de todas as materias do curso no que está matriculado, e que o profesor considere que pode superar os do seguinte.

O alumno/a interesado en ampliar matrícula notificará este feito aos profesores/as de todas as materias das que estea matriculado. O alumno poderá solicitar permiso para asistir coma oínte ás clases do curso ao que quere ampliar. Haberá unha xunta avaliadora formada por todos os profesores/as, que emitirán unha cualificación.

O Consello Escolar visto as actas de avaliación concederá as ampliacións de matrícula que procedan.

5.2.4. Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

O proceso de recuperación das partes das que se compón a asignatura de Educación Auditiva e Vocal, realizarase, ao tratarse dunha asignatura de avaliación continua, ao longo do seguinte trimestre mediante a observación do traballo realizado polo alumno ao longo dese tempo e coa consecución dos mínimos exigibles no examen da seguinte avaliación.

Probas extraordinarias de xuño

Os alumnos de Educación Auditiva e Vocal terán a posibilidade de recuperar o curso, no caso de suspender na convocatoria ordinaria, cun exame extraordinario en xuño no que se deberá realizar unha proba para a que traballarán os aspectos que o seu profesor lle indique na entrega de notas de maio, e sempre que cumpra os criterios mínimos esixidos durante o curso.

5.2.5. Recursos didácticos

Estes son algúns dos títulos cos que habitualmente traballamos, ben como textos para os alumnos/as ou en calidade de apoio e consulta.

- Ibáñez Cursá: Cuadernos de audición, en 4 vol. Real Musical. Madrid.
- Sierra, Félix: Para cantar, en 4 vol. Mundimúsica Ediciones. Madrid.
- Molina, E./ Arroyo, I./ Navarro, M^a Dolores/ Rivas, S.: Coro, en 2 vol., para Grao Elemental. Enclave Creativa. Madrid.
- Ibáñez Cursá: *Canta con los clásicos*. Ed. Real Musical.
- AA.VV: *Nanocosmos*. Ed. Dinsic Publicacións Musicais.
- Material diverso orixinal, recompilado, arranxado e adaptado polos membros deste departamento.

5.3. ► CURSO: 3º DE GRAO ELEMENTAL

5.3.1. Obxectivos

- Dominar a entoación e a utilización do corpo na expresión musical.
- Identificar intervalos melódicos simples maiores, menores e xustos.
- Introducir o pulso ternario no recoñecemento auditivo.
- Introducir a función harmónica do IV e a súa identificación.
- Cantar melodías en tonalidades que teñan ata dúas alteracións na súa armadura.
- Reproducir gráficamente todo tipo de motivos tanto rítmicos como melódicos axeitados ao nivel do curso.

5.3.2. Contidos

Os contidos do curso anterior e:

- Os intervalos melódicos simples das escalas do nivel nos aspectos de número e especie: maiores, menores e xustos.
- Reprodución gráfica fragmentos rítmicos, melódicos e combinados dunha disposición formal de oito compases, baseados nos pulsos binario e ternario e nas funcións harmónicas de I, IV e V
- As funcións harmónicas de I, IV e V.
- As escalas de Dó M e La m e as que levan unha e dúas alteracións na súa armadura.
- As leccións de entoación nas tonalidades de ata dúas alteracións na armadura

5.3.3. Avaliación

Criterios de avaliación

- Interpretar vocalmente melodías de ata dúas alteración na armadura.
- Identificar auditivamente e clasificar por especie intervalos maiores, menores e xustos.
- Reproducir de memoria e gráficamente fragmentos de oito compases coas funcións harmónicas de I, IV e V, e en ritmos binarios e ternarios.
- Repentizar e improvisar fragmentos rítmicos e melódicos coas dificultades propias do curso.

Mínimos esixibles

- Entoar intervalos dentro do ámbito tonal.
- Identificar os intervalos melódicos simples das escalas no nivel nos aspectos de número e especie: maiores, menores e xustos.
- Reproducir graficamente, cun nivel de corrección aceptable, fragmentos rítmicos, melódicos e combinados dunha disposición formal de oito compases, baseados nos pulsos binario e ternario e nas funcións harmónicas de I, IV e V.
- Interpretar cancións do repertorio infantil, populares, clásicas, contemporáneas, de contido didáctico e orixinais cun nivel de afinación aceptable.

Procedementos e ferramentas de avaliación

- **Inicial:** Establécese este tipo da avaliación para concretar as características dos nosos

alumnos, así como para detectar, nos casos que así se precisase, as posibles carencias ou problemas que poida ter o alumno, para así poder resolver no menor tempo posible e da forma mais axeitada.

- **Continua:** Establécese este tipo da avaliación como seguimento habitual do alumnado, ao longo de todo o curso académico, aportando ao alumno a posibilidade de progresar no tempo, favorecendo así unha aprendizaxe integradora.
- **Final ou sumativa:** Dada a necesidade de emitir unha nota ao termo de cadanseu trimestre, así como ao final do curso académico, establécese este tipo da avaliación que nos aportará a información necesaria á hora de concretar que obxectivos e en que grao se obtiveron.

Para poder levar a bo termo os distintos tipos de avaliación establecidos no apartado anterior, o profesor dispón de distintos procedementos ou ferramentas que deberá empregar (do xeito que considere oportuno para cada caso) á hora de determinar a consecución de obxectivos por parte dun alumno.

As ferramentas utilizadas serían:

- Controis periódicos mediante exercicios feitos na aula.
- Observación do traballo realizado durante as clases tanto de entoación como de audición.
- Realización dun exame que consistiría na entoación dunha obra vista na clase e un exercicio escrito de ditado dun pequeno fragmento ou intervalos adaptado ao nivel do curso.

Criterios de cualificación

A materia de Educación Auditiva e Vocal pódese dividir en dous aspectos principalmente, a entoación e expresión vocal, e a audición e o recoñecemento auditivo, polo que o alumno terá que acadar un mínimo exixible en cada un deses aspectos, sendo a nota final a media dos dous.

Outros aspectos importantes que influirán na nota final son os seguintes:

Realización de todos aqueles traballos escritos e prácticos que lle sexan encomendados dentro dos contidos e obxectivos propios do curso.

Respecto cara ós profesores, compañeiros e material, ás normas de convivencia e á liberdade e tolerancia cara os demais.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Para conceder a ampliación de matrícula é requisito indispensable que o alumno supere os obxectivos e contidos de todas as materias do curso no que está matriculado, e que o profesor considere que pode superar os do seguinte.

O alumno interesado en ampliar matrícula notificará este feito aos profesores de todas as materias das que estea matriculado. O alumno poderá solicitar permiso para asistir coma oínte ás clases do curso ao que quere ampliar. Haberá unha xunta avaliadora formada por todos os profesores, que emitirán unha cualificación.

O Consello Escolar visto as actas de avaliación concederá as ampliacións de matrícula que procedan.

5.3.4. Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

O proceso de recuperación das partes das que se compón a asignatura de Educación Auditiva e Vocal, realizarase, ao tratarse dunha asignatura de avaliación continua, ao longo do seguinte trimestre mediante a observación do traballo realizado polo alumno ao longo dese tempo e coa consecución dos mínimos exixibles no examen da seguinte avaliación.

Probos extraordinarias de xuño

Os alumnos de Educación Auditiva e Vocal terán a posibilidade de recuperar o curso, no caso de suspender na convocatoria ordinaria, cun exame extraordinario en xuño no que se deberá realizar unha proba para a que traballarán os aspectos que o seu profesor lle indique na entrega de notas de maio, e sempre que cumpra os criterios mínimos esixidos durante o curso.

5.3.5. Recursos didácticos

Estes son algúns dos títulos cos que habitualmente traballamos, ben como textos para os alumnos ou en calidade de apoio e consulta.

- Ibáñez Cursá: Cuadernos de audición, en 4 vol. Real Musical. Madrid.
- Sierra, Félix: Para cantar, en 4 vol. Mundimúsica Ediciones. Madrid.
- Molina, E./ Arroyo, I./ Navarro, M^a Dolores/ Rivas, S.: Coro, en 2 vol., para Grao Elemental. Enclave Creativa. Madrid.
- Ibáñez Cursá: *Canta con los clásicos*. Ed. Real Musical.
- AA.VV: *Nanocosmos*. Ed. Dinsic Publicacións Musicais.
- Material diverso orixinal, recompilado, arranxado e adaptado polos membros deste departamento.

5.4. ► CURSO: 4º DE GRAO ELEMENTAL

5.4.1. Obxectivos

- Dominar a entoación e a utilización do corpo na expresión musical.
- Identificar intervalos melódicos e harmónicos simples maiores, menores, xustos, aumentados e diminuídos.
- Cantar melodías en tonalidades que teñan ata tres alteracións na súa armadura.
- Dominar o recurso memorístico para utilizalo na reprodución gráfica e auditiva.
- Reproducir gráficamente todo tipo de motivos tanto rítmicos como melódicos axeitados ao nivel do curso.

5.4.2. Contidos

Os do curso anterior e:

- Os intervalos melódicos e harmónicos simples das escalas do nivel nos aspectos de número e especie: diminuídos, menores, maiores, xustos e aumentados.
- As escalas de Dó M e La m e as que levan unha, dúas e tres alteracións na súa armadura.
- As leccións de entoación nas tonalidades de ata tres alteracións na armadura

5.4.3. Avaliación

Criterios de avaliación

- Interpretar vocalmente melodías de ata tres alteración na armadura.
- Identificar auditivamente e clasificar por especie intervalos, tanto melódicos como harmónicos, maiores, menores, xustos, aumentados e diminuídos.
- Reproducir de memoria e gráficamente fragmentos de oito compases coas funcións harmónicas de I, IV e V, e en ritmos binarios e ternarios.
- Repentizar e improvisar fragmentos rítmicos e melódicos coas dificultades propias do curso

Mínimos esixibles

- Entoar intervalos dentro do ámbito tonal.
- Identificar os intervalos melódicos e harmónicos simples das escalas no nivel nos aspectos de número e especie: diminuídos, menores, maiores, xustos e aumentados.
- Reproducir gráficamente, cun nivel de corrección aceptable, fragmentos rítmicos, melódicos e combinados dunha disposición formal de oito compases, baseados nos pulsos binario e ternario e nas funcións harmónicas de I, IV e V.
- Interpretar cancións do repertorio infantil, populares, clásicas, contemporáneas, de contido didáctico e orixinais cun nivel de afinación aceptable.

Procedementos e ferramentas de avaliación

- **Inicial:** Establécese este tipo da avaliación para concretar as características dos nosos alumnos, así como para detectar, nos casos que así se precisase, as posibles carencias ou problemas que poida ter o alumno, para así poder resolver no menor tempo posible e da forma mais axeitada.
- **Continua:** Establécese este tipo da avaliación como seguimento habitual do alumnado, ao

longo de todo o curso académico, aportando ao alumno a posibilidade de progresar no tempo, favorecendo así unha aprendizaxe integradora.

- **Final ou sumativa:** Dada a necesidade de emitir unha nota ao termo de cada seu trimestre, así como ao final do curso académico, establécese este tipo da avaliación que nos aportará a información necesaria á hora de concretar que obxectivos e en que grao se obtiveron.

Para poder levar a bo termo os distintos tipos de avaliación establecidos no apartado anterior, o profesor dispón de distintos procedementos ou ferramentas que deberá empregar (do xeito que considere oportuno para cada caso) á hora de determinar a consecución de obxectivos por parte dun alumno.

As ferramentas utilizadas serían:

- Controis periódicos mediante exercicios feitos na aula.
- Observación do traballo realizado durante as clases tanto de entoación como de audición.
- Realización dun exame que consistiría na entoación dunha obra vista na clase e un exercicio escrito de ditado dun pequeno fragmento ou intervalos adaptado ao nivel do curso.

Criterios de cualificación

A materia de Educación Auditiva e Vocal pódese dividir en dous aspectos principalmente, a entoación e expresión vocal, e a audición e o recoñecemento auditivo, polo que o alumno terá que acadar un mínimo exixible en cada un dese aspectos, sendo a nota final a media dos dous.

Outros aspectos importantes que influirán na nota final son os seguintes:

Realización de todos aqueles traballos escritos e prácticos que lle sexan encomendados dentro dos contidos e obxectivos propios do curso.

Respecto cara ós profesores, compañeiros e material, ás normas de convivencia e á liberdade e tolerancia cara os demais.

5.4.4. Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

O proceso de recuperación das partes das que se compón a asignatura de Educación Auditiva e Vocal, realízase, ao tratarse dunha asignatura de avaliación continua, ao longo do seguinte trimestre mediante a observación do traballo realizado polo alumno ao longo dese tempo e coa consecución dos mínimos exixibles no examen da seguinte avaliación.

Probas extraordinarias de xuño

Os alumnos de Educación Auditiva e Vocal terán a posibilidade de recuperar o curso, no caso de suspender na convocatoria ordinaria, cun exame extraordinario en xuño no que se deberá realizar unha proba para a que traballarán os aspectos que o seu profesor lle indique na entrega de notas de maio, e sempre que cumpra os criterios mínimos esixidos durante o curso.

5.4.5. Recursos didácticos

Estes son algúns dos títulos cos que habitualmente traballamos, ben como textos para os alumnos ou en calidade de apoio e consulta.

- Ibáñez Cursá: Cuadernos de audición, en 4 vol. Real Musical. Madrid.
- Sierra, Félix: Para cantar, en 4 vol. Mundimúsica Ediciones. Madrid.
- Molina, E./ Arroyo, I./ Navarro, M^a Dolores/ Rivas, S.: Coro, en 2 vol., para Grao Elemental. Enclave Creativa. Madrid.
- Ibáñez Cursá: *Canta con los clásicos*. Ed. Real Musical.
- AA.VV: *Nanocosmos*. Ed. Dinsic Publicacións Musicais.
- Material diverso orixinal, recompilado, arranxado e adaptado polos membros deste departamento.

6. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Ao longo do curso a programación de linguaxe musical debe de ser revisada polo departamento constantemente, en cada un dos seus puntos (obxectivos, contidos, criterios de avaliación e metodoloxía), podendo modificarse en función dos seus resultados. A revisión da programación didáctica de linguaxe musical realizarase nas reunións de departamento, facendo fincapé nos seguintes aspectos:

- **Proceso da ensinanza-aprendizaxe:** A avaliación deberá ser constante e formativa, para garantir que o proceso de ensinanza-aprendizaxe sexa eficaz e de calidade, podendo modificarse en función dos seus resultados, adecuando os obxectivos e contidos para acadar unha aprendizaxe significativa dos discentes.
- **Criterios de avaliación:**
- Os criterios de avaliación deberán ser un instrumento diagnóstico para a detección de problemas, na consecución dos obxectivos e contidos. Polo tanto poderán ser modificados para conseguir a efectividade do proceso de ensinanza-aprendizaxe, se este non está funcionando como se esperaba.
- Deberase contar có nivel de coñecemento próximo do alumno, por medio dunha avaliación inicial. O diagnóstico do desenvolvemento da programación realizarase por medio de probas, a observación directa, do traballo na aula e fora desta, da participación e da actitude.
- A metodoloxía: Deberá ser activa e motivadora, partindo dos coñecementos previos do alumno, para facilitar a autonomía persoal e a creatividade. Utilizaranse estratexias didácticas para dar cabida á diversidade dos alumnos, fomentando que o proceso de ensinanza e aprendizaxe sexa produtivo. Así mesmo, a metodoloxía deberá ser revisada polo departamento e en caso de non cumprir o seu cometido, modificarase para mellorar o proceso de ensinanza e aprendizaxe.

7. PROCEDIMENTOS PARA REALIZAR A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO

A avaliación interna do departamento farase dentro das reunións periódicas deste, nas cales se formularán as opinións, propostas de mellora, recursos e o grao de implicación dos profesores, co fin de localizar o nivel de satisfacción dos membros do departamento co seu funcionamento.

8. ANEXOS

8.1. PROBAS DE ACCESO

Nas probas de acceso non se fai un exame específico da materia de Educación Auditiva e Vocal, xa que no exame correspondente á asignatura de linguaxe musical xa se fan probas de entoación e ditado, polo que a avaliación faise tendo en conta ditas probas.